



INDICACIÓNS ESPECÍFICAS PARA PREVIR A PROPAGACIÓN DO CORONAVIRUS SARS-COV-2

- Fornecer tanto aire exterior como sexa razoablemente posible.
- A ventilación natural é a opción recomendada e só no caso de que non sexa posible optarase por implementar unha ventilación forzada e/ou purificación de aire.
- As portas da clase deberán permanecer abertas, así como as ventás e portas dos corredores para facilitar a renovación constante de aire nas aulas.
- Ventilar cando menos 15 minutos ao inicio e ao remate da xornada (de mañá ou de tarde), 5 minutos entre clase e clase, e durante a totalidade dos recreos.
- No caso de temperaturas extremas invernaís é mellor realizar maior número de ventilacións de menor tempo en lugar de ter as ventás parcialmente abertas. Abrir parcialmente as ventás non facilita significativamente a renovación de aire pero baixa a temperatura e diminúe o confort. É máis eficiente abrir todas as ventás durante 2 a 5 minutos cada 15/20 minutos.
- No caso de dispoñer de sistemas de ventilación forzada centralizada, manter a ventilación acesa as 24 horas, os 7 días da semana, con taxas de ventilación reducidas (pero non apagadas) cando as persoas están ausentes.
- Non usar a recirculación do aire interior.
- Non se recomenda o uso de ozono e lámpadas UV para a desinfección en aire acondicionado.
- Non se recomenda a compra de medidores de CO₂ por parte dos centros educativos que, en calquera caso, deben ser manexados por persoal competente. A Consellería de Cultura, Educación e



Universidade conta cunha rede sentinela que verifica que a implementación destas medidas de ventilación resulta nunha ventilación correcta e axeitada.

- Se fose necesario utilizar un purificador de aire portátil, como último recurso, este debe ter polo menos eficiencia de filtro HEPA e recoméndase situar o dispositivo preto da zona de respiración (onde estean os alumnos). Os filtros HEPA deberán ter unha filtración altamente eficiente do aire, con capacidade de reter aerosois en porcentaxes superiores ao 99,95%, segundo a norma UNE1822. Todo isto sometido a contar co informe técnico pertinente, solicitado polo centro educativo a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e autorizado en coordinación coas directrices da autoridade sanitaria.

Conclusións

- O método de elección para a ventilación das aulas será a ventilación natural de acordo coas recomendacións do apartado anterior.
- No caso de non ser posible a ventilación natural, poderanse utilizar equipos extractores ou impulsores individuais cun caudal de aire adecuado de acordo coa valoración dun técnico competente.
- Naqueles casos nos que non sexa posible aplicar os métodos anteriores, e de xeito totalmente excepcional, poderán utilizarse os purificadores con filtros HEPA. A súa utilización require dun informe técnico especializado (especialmente para realizar o estudo oportuno sobre as características das aulas, o volume do aire, a ocupación, etc) solicitado polo centro educativo a través da Unidade Técnica da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e autorizado en coordinación coas directrices da autoridade sanitaria.